



Compostela
Cultura

VIAXES

Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

XOVES 10

MARZO 2022

Auditorio de Galicia, 20.30 h

PRAGA-BOHEMIA

Roberto Forés-Veses Director


Sala Mozart

19.45 h

CONvers@ndo con

Roberto Forés-Veses Director





PROGRAMA

WOLFGANG AMADEUS MOZART (1756-1791)

Abertura Don Giovanni, K. 527

BOHUSLAV MARTINU (1890-1959)

La Bagarre, H. 155

ANTONÍN DVOŘÁK (1841-1904)

Sinfonía núm. 7 en re menor, op. 70, B. 141

Allegro maestoso

Poco adagio

Scherzo: Vivace

Finale: Allegro

Duración aproximada do concerto: 1 hora (sen pausa)

Pregámoslle ao público que non faga fotografías e que desconecte os teléfonos móbiles, reloxos, etc.

A Real Filharmonía de Galicia créase no ano 1996 en Santiago de Compostela, e ten a súa sede permanente no Auditorio de Galicia, na cidade de Santiago de Compostela. Está formada por cincuenta músicos de 17 nacionalidades diferentes. Paul Daniel é, dende 2013, o seu director titular e artístico; Maximino Zumalave o seu director asociado e Joana Carneiro a principal directora convidada. Coa orquestra colaboran os máis destacados directores, cantantes e instrumentistas de todo o mundo. A RFG está comprometida en achegar a música clásica a todo o territorio galego, aos públicos máis novos e destaca, ademais, o seu compromiso co patrimonio musical galego. Xestionada polo Consorcio de Santiago, a RFG está financiada pola Administración Xeral do Estado, a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Director artístico titular

Paul Daniel

Principal directora convidada

Joana Carneiro

Director asociado

Maximino Zumalave

VIOLÍNS I

James Dahlgren
(concertino)
Adriana Winkler
(axuda de concertino)
Anca Smeu **
Ilya Fisher
Yulia Petrushevskaya
Michal Ryczel
Claudio Guridi
Anna Alexandrova
Ildikó Oltai
Victoria Jurov
Natalia Hernantes ***

VIOLÍNS II

Grigori Nedobora *
Nikolay Velikov **
Helena Sengelow
Gyula Vadaszi
Samira Ajkic
Enrique Roca
Elina Viksne
Kiyoko Ohashi
Irina Gruia
Daniel Lewysohn ***
Julia Filón ***

VIOLAS

Tilmann Kircher *
Natalia Madison **
Oxana Bakulina
Anne Schlossmacher
Ionela Ciobotaru
Iriana Fernández
Timur Sadykov
Ayse Yavuz ***

VIOLONCELLOS

Plamen Velev *
Barbara Switalska **
Carlos García
Thomas Piel
Millán Abeledo
Carmen Diego ***

CONTRABAIXOS

Carlos Méndez *
Alfonso Morán **
Marcos Vázquez ***

FRAUTAS

Laurent Blaiteau *
Carmen Ferreiro (R)
Luís Soto **

ÓBOES

Christina Dominik *
Esther Viúdez **
Rut Santiago ***

CLARINETES

Beatriz López *
Vicente López **
Daniel Veiga (R)

FAGOTES

Juan Carlos Otero *
Manuel Veiga **
Marta Balsa ***

TROMPAS

Alfredo Varela *
Xavier Ramón **
Jordi Ortega *
Sergio Sánchez ***

TROMPETAS

Javier Simó *
Ramón Liátser **
Roberto Bolaño ***

TROMBÓNS

Arturo Centelles (R)
José Ramiro Pérez (R)
Faustino Núñez (R)

TUBA

Miguel Franqueiro (R)

TIMBAL

José Vicente Faus *

PERCUSIÓN

Isabel Diego (R)
Marta Prado (R)
Sergio Sanchís ***

PIANO

Haruna Takebe (R)

* principal | ** copincipal | *** EAEM (Curso Avanzado de Especialización Orquestral) | (R) reforzo

Roberto Forés-Veses

Director

Gañou o Concurso de Directores “Evgeny Svetlanov” e o Luigi Mancinelli International Opera. Nacido en Valencia, dirixe moitas das principais orquestras de todo o mundo e nas salas de concerto máis prestixiosas. Recentes e vindeiros compromisos inclúen debuts e regresos, entre outras, coa English Chamber Orchestra (no Cadogan Hall de Londres), Russian State Symphony Orquestra Evgeny Svetlanov, Orquestra e Coro Sinfónicos de Milán Giuseppe Verdi, Hong Kong Sinfonietta, Sinfonietta de Lausanne, Orquestra Nacional dos Países do Loira, Orquestra Nacional Burdeos-Aquitania ou Orquestra de Valencia. Conducirá unha xira nacional coa Camerata de Israel, xirá coa Orquestra Nacional de Auvergne por Montecarlo e porase á fronte dunha coprodución de *A somnámula* de Bellini en catro salas de ópera de Francia.

De 2011 a 2021 foi Director Principal e Director Artístico da Orquestra Nacional de Auvergne.

Baixo a súa titularidade, a ONA foi moi demandada para realizar diferentes gravacións discográficas, en particular para Warner Classics e para o selo Aparte Music. En 2019 lanzou o seu selo discográfico e realizou xiras por Xapón, Sudamérica e Brasil.

Igualmente dedicado ao repertorio sinfónico e operístico, Forés-Veses ten dirixido na Ópera Bolshoi, Teatro Regio de Turín, e nas compañías de ópera de Montpellier, Helsinki, Lyon, Rouen ou Saint-Etienne, entre outras. Entre as múltiples orquestras que dirixiu destacan a Sinfónica NHK de Tokio, Sinfónica de San Petersburgo, Orquestra Nacional de Lyon, Academia Estatal da Orquestra Evgeny Svetlanov de Rusia, Orquestra de Cámara de Lausanne, Sinfonietta de Hong Kong, Filharmónica de Luxemburgo, Praga Philharmonia, Het Residentie Orchestra (Países Baixos), Orquestra Sinfónica Casa da Música de Porto, Orquestra Nacional de Burdeos-Aquitania,



Sinfónica de RTVE, Orquesta de la Comunidad Valenciana, Orquesta de Valencia, Orquesta de Estremadura, Orquesta de Cámara de París, Orquesta Nacional de Montpellier ou Filharmónica de Niza, entre outras.

Actúa con regularidade en moitos festivais internacionais, incluíndo La Folle Journée de Nantes e Tokio, La Chaise-Dieu, Murten Classics, Festival de Stresa, Les Flâneries Musicales de Reims, Festival de la Vézère, Festival de Polignac, Festival Bach en Combrailles e o Festival Berlioz. En 2018 foi convidado xunto a un grupo selecto de gañadores do Concurso Svetlanov para participar nun festival realizado con motivo do 90º aniversario do nacemento de Svetlanov, no Conservatorio Chaikovski de Moscova.

O mestre Forés-Veses ten unha ducia de gravacións. Recentemente publicouse o *Concerto de Violín* de Beethoven con Alena Baeva, o *Concerto para piano núm. 1* de Chopin con Nicholas Angelich (Warner Classics), a *Metamorfose* de Strauss e a *Noite transfigurada* de

Schoenberg, *A morte e a doncela* de Schubert e sinfonías de Roussel, Honegger e Jean Rivier.

Para contextualizar o programa desta noite débense ter en conta algunhas cuestións como que Bohemia, Moravia e Eslovaquia, unífanse en 1918, para formar Checoslovaquia. Ademais desde o século XVIII, fundamentalmente, compositores como Myslivecek; Florion L. Gassmann, profesor de Salieri ou Jan Zach, emigraban e adquirían certo respecto en Europa e a súa música de cámara reflicte un primeiro intento de nacionalismo checo situado coa primeira xeración auténtica de autores nacida no século XIX. Tamén hai que sinalar que Smetana foi o primeiro compositor bohemio consciente de compoñer música propiamente nacional: a súa persoal linguaxe reúne elementos dispersos, algún imitando o folclore de Bohemia. Sen esquecer que Smetana e os seus sucesores foron homes do seu tempo incorporados ao romanticismo na súa derradeira fase, no fondo, subxace a idea nacionalista e aínda que moi debatidas, as súas teses triunfaron e as súas opinións crearon escola. Cando Smetana, en 1866, foi nomeado director da Orquestra do Teatro Provisional de Praga,

o primeiro viola da formación era Antonín Dvořák -outro dos fundadores da moderna escola checa- quen tratou de reconciliar a linguaxe musical de tradición europea cun idioma propio. A mesma convicción que sentiron Smetana e Dvořák, tívoo Martinů case como último representante que, tentando afastarse, regresaba constantemente á súa orixe como xustificación creadora. Todos, integrando nas súas obras cancións e formas dancísticas da súa terra, amosábanas co seu propio tratamento melódico, harmónico e rítmico, a modo de reconciliación entre a linguaxe musical de tradición europea e referencias folclóricas.

Bohuslav Martinů compoñía desde neno e, con vinte anos, escribiu obras importantes como algúns poemas sinfónicos inspirados en Dvořák amosando a súa primeira etapa de carácter impresionista. Os seus malos resultados no Conservatorio de Praga fixérono abandonar a institución e volverse autodidacta ata que en 1923 recibiu unha bolsa de tres meses para estudar en París onde permaneceu ata



1940. Alí contactou con Albert Roussel quen inflúe fundamente nas súas seguintes composicións e o impresionismo característico das súas obras anteriores vese substituído por un melodismo con influencias clásicas así como trazos de Debussy ou Stravinski, a quen tamén coñece na estancia parisina. Nos anos da posguerra, os compositores tiveron que procurar traballo noutros campos da música e Martinů formou parte de grupos instrumentais que ambientaban os bailes de salón. Nesa época, escribiu *La Bagarre* (1926) -dedicada ao piloto americano Charles Lindberg tras realizar o primeiro voo en solitario cruzando o Atlántico- unha partitura, nun único e rápido movemento, na que se adiviñan as citadas referencias a Stravinski, na súa enerxía rítmica, ou a poética que dirixe a súa mirada ao jazz. En calquera caso, *La Bagarre* é unha obra que desenvolve unha imparable vaga sonora con intensas infraccións harmónicas, como se falase dunha sorte de tonalidade contraria á tradicional. En 1926, mesmo en París, Martinů achegouse a Serge Koussevitzki, director da

Sinfónica de Boston entre 1924 e 1949, para amosarlle esta última composición que gustou tanto ao mestre ruso que a estreou en novembro do ano seguinte e así, estableceuse unha exitosa relación do compositor coa orquestra americana que se mantivo toda a súa carreira. O propio Martinů escribiu no programa de man da estrea: "*La Bagarre* está chea dunha atmosfera de movemento, tumulto e obstrución. É un movemento de grandes masas, avalancha incontrolada e violenta. *Bagarre* é un suxeito análogo pero multiplicado e transportado á rúa... É un *boulevard*, un estadio, unha masa de xente, nunha cantidade delirante, vestida cun único corpo. É un caos orixinado por todo tipo de sentimentos de entusiasmo, loita, ledicia, tristeza, interrogantes... gobernado por un sentimento común, un vínculo invisible, que empurra todo cara adiante, que moldea numerosas masas nun único elemento cheo de acontecementos inesperados e incontrolables... Ten un tema principal, ao igual que a masa humana ten o seu tema de entusiasmo, que dirixe o

movemento. É un tríptico no que a frase intermedia, xeralmente libre, é substituída por un movemento máis melódico, por un tempo máis rápido, finalizando cunha coda violenta e en *presto*."

Antonín Dvořák xa era un compositor respectado en Europa, nos anos oitenta do século XIX, que chamou a atención incluso no Reino Unido. O compositor visitou a illa en nove ocasións e, en 1884, a Sociedade Filharmónica de Londres nomeouno membro honorario e para conmemoralo, encargoulle unha nova obra que sería a *Sinfonía nº 7 en re menor*, op. 70. A partitura resultou apaixonada, intensa e turbulenta en equilibrio co seu arraigado sentido patriótico pero baixo a influencia da música do seu inspirador Brahms. Das nove sinfonías que compuxo, esta *Sétima* -primeiramente coñecida como a *Segunda*- é a máis sobria e dramática pois comezou a escribila pouco despois da morte da súa nai e coa do seu fillo maior aínda recente. Trátase de música conmovedora, de intensa expresividade, vigorosa e liricamente bohemia, tenra

pero nunca arrebatada de sentimentalismo na que o clima trágico e doente pesa máis que o fondo patriótico, case diluído nunha estrutura clásica con catro movementos fieis ás normas tradicionais do xénero. Tampouco é a innovación harmónica o que prima na obra, senón a frescura das melodías que brotan de xeito case ilimitado e dos seus efectos orquestrais. O inicio do *Allegro maestoso* marca o ton sombrío da partitura cun baixo murmurio nos graves, violas e violonchelos, que amplía toda a orquestra con gran forza dramática. No segundo tema, máis lírico e sereno, asoma a man de Brahms e proporciona un forte contraste no que os desenvolvementos unen e relacionan ambos temas ata a extinción definitiva da sombría melodía inicial. O segundo movemento é o núcleo melódico da sinfonía e para moitos, do sinfonismo de Dvořák; iniciado polo clarinete, inclúe temas de violíns e trompas que evocan levemente a Wagner. O Dvořák eslavo aparece no *Scherzo* de ritmo sincopado, empezando cun *furiante*, unha danza popular bohemia e incluíndo



un trío central que recupera o ambiente máis bucólico. A variada paisaxe do *Finale*, en forma sonata, volve amosar a eficaz imaxinación melódica do compositor, esta vez nunha atmosfera escura na que os desenvolvementos subliñan a intensidade dos sucesivos temas, imprimindo o segundo deles, en forma de marcha, novos aires patrióticos á peza, para rematar cunha coda apoteótica.

A trama da ópera *Don Giovanni*, inspirada en *El Burlador de Sevilla* e adaptada por Mozart e o seu libretista Lorenzo Da Ponte, xa databa de 1786; os seus elementos -unha estatua fantasmal e un libertino impenitente- eran aínda máis antigos. A música xira arredor do personaxe central Don Giovanni, o gran sedutor que representa unha nova moral para a época; a vida destinada a lograr a felicidade terreal, a través da sensualidade e o erotismo. A ópera está animada pola tensión entre a comedia e a traxedia que se opoñen e se superpoñen, o que Mozart aproveita para crear unha función dramática. Esta abertura está construída en dúas partes (introdución e *allegro*) dentro

da forma sonata, a introdución asoma cun berro dramático dos violíns cuxos acordes en re menor marcan o ton que contrastan, rapidamente, cordas e frauta unidas para mostrar unha clara melodía humorística que logo crece dándolle máis vivacidade e carácter. Rematada a introdución, únese co *allegro* que presenta o primeiro tema en dúas partes en ton maior; aparece o segundo tema no que se percibe o humor do Mozart maduro, sobre todo, nos violíns. A melodía coa que comeza este tema aparece cos ventos en do maior e despois en la menor. Tras a exposición de ambos temas chega o desenvolvemento que os cambian a outras tonalidades para regresar á reexposición e finalizando esta abertura composta por Mozart nunhas poucas horas da noite anterior á estrea polo que chegou á representación con esa parte para dirixir á orquestra que a interpretou a primeira vista no Teatro Nacional de Praga o 29 de outubro de 1787.



Real Filharmonía de Galicia

Temporada de abono 2021-22

PRÓXIMOS CONCERTOS

Xoves 17 marzo, 20:30 h

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Manuel Hernández-Silva, director

Robert Lakatos, violín

M. Glinka: Abertura "Unha vida polo Zar"

H. Wieniawski: Concerto para violín núm. 1

en fa sostido menor, op. 14

V. Kalinnikov: Sinfonía núm. 1 en sol menor

Xoves 24 marzo, 20:30 h

FEITO EN HAMBURGO

REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Paul Daniel, director

C. P. E. Bach: Sinfonía en Do M, H 659 (W.

182/3) das Sinfonías de Hamburgo

J. Brahms: Sinfonía nº 2 en Re M, op. 73

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Manuel Hernández-Silva

19:45 h

Sala Mozart

Conversando con...

Paul Daniel

C
**Compostela
Cultura**

AUDITORIO DE GALICIA

Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES

T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)

T 981 542 462 Zona C

OFICINAS

T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org

www.compostelacultura.gal



RealFilharmoniadeGalicia

CompostelaCultura



@rfgalicia

@CCultura

